

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de agosto de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D.Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día dezanove de agosto de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventor xeral acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(815).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(816).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA. EXPTE. 3208/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.08.16, de fiscalización de data 19.08.16, dáse conta do informe-proposta do 19.08.16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o técnico de Admón. Xeral e xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2015 acordou aprobar o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA suscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo cun orzamento incluído o IVE de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS - 5.234.256,94 €.-

2.- A Xunta de Goberno Local en data 10/12/2015 acordou: "Adxudicar a SOCIEDAD ANÓNIMA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos (expediente 3392-440), por un prezo de 4.643.980 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 805.980 euros. En data 14 de decembro de 2015 formalizase o contrato das obras de "Reforma de cuberta e grada de tribuna do Estado de Balaídos. Fase II" entre o Concello de Vigo e "Sociedad Anónima de Obras y Servicios Copasa".

3.- A Xunta de Goberno Local en data 17 de decembro de 2015, acorda nomear dirección facultativa da obra ao Arquitecto D. PEDRO DE LA PUENTE CRESPO e ao Técnico Municipal, Enxeñeiro de Edificación AURELIO ADAN FERNÁNDEZ.

4º.- Con data 24 de maio de 2016 a Dirección facultativa da obra, solicita e a Xunta de Goberno autoriza en data 27 de maio de 2016 autorizar o inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA suscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA. O proxecto modificado non suporá alteración do presuposto económico aprobado (...).

5º.- En data 03.08.2016 a Dirección facultativa polos motivos expostos no citado informe que consta no expediente expón que se considera necesario incorporar novas unidades que incrementarán a base económica inicial do proxecto polo que solicitan autorización do órgano de contratación. A Xunta de Goberno Local en data 05.08.2016 acordou "Autorizar o inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA suscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA, relizándose o mesmo nas condicións do apartado 15.d das FEC que rixen o mesmo"

6º.- Por parte do redactor do proxecto orixinal, o arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, entrégase proxecto modificado de reforma cuberta e grada de tribuna. Fase 2 do Estadio Municipal de Balaídos, de data agosto de 2016.

7º.- Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente de data 18.08.2016 no seguinte sentido:

"ASUNTO: INFORME DE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE "REFORMA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA FASE 2".

I-ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2015 acordou aprobar o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA suscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo cun orzamento de incluído o IVE de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS - 5.234.256,94 €.-

2.- A Xunta de Goberno Local en data 10/12/2015 acordou: "Adxudicar a SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos (expediente 3392-440), por un prezo de 4.643.980 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 805.980 euros.

En data 14 de decembro de 2015 formalizase o contrato das obras de "Reforma de cuberta e grada de tribuna do Estado de Balaídos. Fase II" entre o Concello de Vigo e S.A de Obras y Servicios Copasa.

3.- A Xunta de Goberno Local en data 17 de decembro de 2015, acorda nomear dirección facultativa da obra ao Arquitecto D. PEDRO DE LA PUENTE CRESPO e ao Técnico Municipal, Enxeñeiro de Edificación AURELIO ADAN FERNÁNDEZ.

4º.- Con data 24 de maio de 2016 a Dirección facultativa da obra, co conforme do Responsable do contrato solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA, xa que se detectan tralo comezo das obras patoloxías na estrutura que sustenta a cuberta proxectada, que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas inicialmente. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 27 de maio de 2016, acordou:

"Autorizar o inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA subscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA."

O proxecto modificado non suporá alteración do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación por un prezo de 4.643.980 euros (IVE engadido), tal e como se indica no informe da Dirección facultativa."

6º.- Á vista do novo informe da Dirección facultativa de data 03.08.2016 no que expoñen que tralo estudio detallada unha vez obtida a actuación de redacción anterior, "se demanda a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto para a fase de intervención da nova cuberta e cos estudos realizados, será necesario incorporar novas unidades que incrementan a base económica inicial do proxecto", a Xunta de Goberno Local en sesión de 5/08/2016 acordou:

"Autorizar o inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA subscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA, relizándose o mesmo nas condicións do apartado 15.d das FEC que rixen o mesmo".

II- MODIFICACIONES.

O desenrolo das obras contratadas e o coñecemento da realidade das especificacións do ámbito de actuación e dos elementos sobre os que se actúa na presente obra, reflicten unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos de prestacións establecidos dende o proxecto.

Neste sentido presentase o presente Proxecto Modificado nº 1 que describe de forma detallada tanto os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade da estrutura existente encontrada unha vez comezada as obras de acordo coas condicións específicas do PCAP (apartado a.), como aos cambios para adecuar este as especificacións das prestacións tendo en conta as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade (apartado b.).

a.- Proposta de modificación do proxecto en relación ao reforzo da estrutura existente de acordo coas condicións específicas do PCAP respecto a modificación do contrato.

O proxecto orixinal plantexa a substitución da cuberta existente sobre a grada de Tribuna por unha nova cuberta consistente nunha estrutura metálica espacial que a diferencia da anterior en que ten un vuelo de 25 m, garantizando unha maior protección dos espectadores. A maior superficie de cuberta, corresponde un incremento de accións, debido ao vento, que se transmiten a estrutura orixinal de formigón: esto motiva a necesidade indispensable do seu reforzo, que xa no proxecto orixinal se recolle.

Ao tratarse dunha rehabilitación dunha estrutura do ano 1969, comezou o traballo en primeiro lugar coa execución das demolicións, que deixaron a vista o ámbito completo da estrutura a reforzar, permitindo a análise detallada do estado real dos aceiros e formigóns preexistentes nos 22 pórticos de formigón que conforman a grada. Esta análise permitiu detectar situacións sobre a estrutura que non eran posible na fase de redacción do proxecto orixinal. Para elo realizáronse numerosos ensaios de extracción de testigos de formigón, propagación de ultrasonidos, esclerometrías, ensaios de carbonatación e numerosas catas para determinar o estado real e características do aceiro e dos formigóns preexistentes. Unha vez analizada toda a información, conclúese que a estrutura presenta carencias de armado e de execución respecto ao recollido nos planos da obra orixinal, polo que é menos resistente do esperado. Isto sumado a falta de planeidade dos pórticos descuberta unha vez realizadas as demolicións, obriga a rediseñar os reforzos da estrutura de pórticos xa incluídos no proxecto orixinal aprobado, que partía para o dimensionamento do reforzo de datos e cuantías que a realidade encontrada en obra comprobou que eran menores dos recollidos como punto de partida no proxecto orixinal.

En base a autorización inicial da Xunta de Goberno Local de data 27 de maio de 2016, para o inicio de expediente de modificación do presente contrato, por parte da dirección facultativa e asistencias técnicas, iniciáronse os estudos específicos para determinar de maneira concreta as características dos reforzos sobre a estrutura de pórticos para que respondan adecuadamente os requisitos do apoio para a nova cuberta. Así foron realizados varias alternativas técnicas tratando en todas elas de atopar unha solución eficiente a transmisións dos esforzos producidos sobre a cuberta por axentes externos, e a súa vez, tendo en conta as variables que deriven sobre a estrutura actual de formigón, o efecto de gradadas coa sobrecarga de

persoas no seu uso. Todos os estudos técnicos complementarios realizados durante as obras, conclúen a **necesidade de un reforzo estrutural de maior entidade que a prevista no proxecto de execución**, cuestión principal tanto cuantitativamente como cualitativamente que sustenta o presente modificado nº 1.

De tódalas opcións estudadas, estimase que a máis idónea e a economicamente máis ventaxosa é o reforzo atirantado postesado, que ademais é a que produce menor interferencia sobre a estrutura existente, gran compatibilidade coa nova arquitectura, gran durabilidade e menor mantemento, rapidez e seguridade de execución. Ademais, esta actuación proposta no presente modificado nº 1, é a menos invasiva tendo a gran ventaxa de ser reemplazable e reversible.

Dito sistema de reforzo, recollido no capítulo 15 do orzamento do proxecto modificado, implica a súa vez, unha modificación da conexión entre a capa exterior de acabado panel composite, e a chapa metálica grecada, por motivos de dilatacións, recollido no capítulo 3 do orzamento do citado documento. Así mesmo, como consecuencia desta modificación resulta necesario o aumento da demolición de soleira no capítulo 1 do orzamento para xenerar espazo para os novos reforzos, a modificación das unidades do capítulo 2 de saneamento e 9 de instalacións para adaptar estas redes proxectadas a nova configuración e afección espacial do reforzo no entorno dos pórticos. Neste sentido tamén se modifica o capítulo 4 debido a afección do reforzo sobre os diferentes tramos de peldaños no entorno dos pórticos. Así mesmo o aumento do alcance dos reforzos implica o aumento da medición das unidades do capítulo 12 de seguridade e saúde.

En relación a xustificación destas modificacións, debemos atender a que no artigo 15.a) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato. No seu apartado b) se indica como aspectos a modificar:

- “Unidades de obra relacionadas coa substitución da estrutura de formigón da actual cuberta da grada.
- Unidades relacionadas cos reforzos e actuacións para a adecuación da nova cuberta.”

No seu apartado c) se indica como circunstancias que determinan a modificación:

- “A redución da seguridade na execución das unidades referentes á cuberta por aparición das chamadas “patoloxías ocultas” na estrutura de formigón (por exemplo coqueiras ou danos en apoios) non detectadas nos muestreos da fase de redacción de proxecto
- Novos requirimentos técnicos derivados das novas cargas sobre a cimentación existente e sobre a estrutura actual.”

Fixando como límite da modificación o condicionante máximo do 15% do precio do contrato.

O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c) das Follas de Especificación do Contrato (FEC): “A redución da seguridade na execución das unidades referentes á cuberta por aparición das chamadas “patoloxías ocultas” na estrutura de formigón (por exemplo coqueiras ou danos en apoios) non detectadas nos muestreos da fase de redacción de proxecto”, xa que trala fase de recoñecemento exhaustivo da estrutura existente en fase de obra, se encontran as carencias citadas con anterioridade na estrutura de formigón existente, que demanda a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto para a fase de intervención da nova cuberta e cos estudos realizados, será necesario incorporar novas unidades que incrementarán a base económica inicial do proxecto. Neste sentido se plantexan, como se recolle no artigo 15.a) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: “as unidades relacionadas cos reforzos e actuacións para a adecuación da nova cuberta.”

b.- Outros aspectos menores que deben ser modificados non previstos no PCAP.

A necesidade de un reforzo estrutural de maior entidade que a prevista no proxecto de execución é cuantitativamente e cualitativamente a principal modificación do presente modificado nº 1. Pero hay detalles menores que deben ser modificados e significan un incremento total de escasamente un 1%.

Neste sentido surdiron circunstancias de tipo xeolóxico e xeotécnico que non se detectaron na fase de proxecto cos diferentes estudos realizados, xa que na transcurso da obra apareceron terreos non compactos no nivel -1, que obligan a conversión dun muro previsto no interior da grada, como peche a muro que debe de efectuar contención, que é necesario para a estabilización dos pórticos de formigón existente, xa que o terreno existente non dispón da consistencia necesaria, para soportar as posibles accións que transmiten a o terreo. Como consecuencia desta modificación resulta necesario xenerar unha nova unidade de excavación no capítulo 1, novas unidades de muro de formigón no capítulo 3, e modificación da impermeabilización e canaleta asociada a este no capítulo 4.

En actuacións previas se modifica a unidade de levantamento de asentos e posterior recolocación, xa que a obra soamente realizará o levantamento de asentos, xa que con posterioridade a licitación da obra o mantenedor da instalación solicitou autorización ao Concello de Vigo para colocación de novos asentos na grada, polo que é necesario a modificación da citada unidade, reducindo o seu alcance, que implica un aforro económico na obra.

Estas novas condicións técnicas xeolóxicas e xeotécnicas e as condicións propostas polo usuario da instalación que se poñen de manifesto con posterioridade á adxudicación do actual contrato, son circunstancias contempladas no apartado b) artigo 107 do TRLCSP, para a modificación do contrato.

Outros aspectos menores de elementos puntuais que deben ser modificados son:

- Algunhas das actuacións de execución de forxados e pilares recollidas no capítulo 3 referentes ao interior da grada se executan en ámbitos confinados dentro da estrutura da grada, polo que se deben empregar solucións máis livianas, lixei-

ras e de fácil suxeición que melloran así mesmo a execución.

seguridade da execución para os operarios da obra e a rapidez de

- No capítulo 5 de solados e falsos teitos, propónse a redución do espesor do panel de proxecto, que surge pola necesidade de axustarse as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por falta de adecuación das especificacións técnicas do recollido en proxecto para o espesor xa que se encontra en ámbito interior, e a dirección facultativa considera suficiente a nova proposta, modulando a operatividade en obra, a calidade obtida e as prestacións buscadas con esta unidade, que ademais presenta un aforro económico.
No capítulo 5 débese recoller solucións de solado diferencias, pola omisión padecida na redacción do proxecto no relativo a ámbitos de actuación dentro da grada non recollidos no documento orixinal.
- En canto as portas e carpinterías recollidas no proxecto, adolecen dunha falta de idoneidade para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por erros materiais na definición das unidades deste capítulo do orzamento, que non recollen correctamente a superficie necesaria de materiais para cada tipo de porta, polo que faise necesario a definición de novas unidades para o capítulo 7 citado.
- No capítulo 8 de aparatos sanitarios e griferías, propónse a modificación dos mesados, que surge pola necesidade de axustarse as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por falta de adecuación das especificacións técnicas do recollido en proxecto para o material proposto, modulando a operatividade en obra, a calidade obtida e as prestacións buscadas con esta unidade, que ademais presenta un aforro económico.
- No capítulo 9 de instalacións, deben xenerarse novas unidades que surden por erros na redacción do proxecto, por omisión de especificacións técnicas non recollidas e cumprimento da normativa vixente en materia de instalacións contraincendios e iluminación e megafonía, e que son necesarias para o cumprimento das prestacións recollidas no proxecto orixinal. Neste sentido tamén se elimina a instalación de gas recollida no proxecto orixinal.

As modificacións propostas neste ámbito teñen a súa xustificación na necesidade de axustarse na execución desta obra as prestacións que define no desenvolvemento no seu obxecto do proxecto orixinal, o cal determina causas obxectivas que indican a falta de idoneidade de especificacións técnicas do actual proxecto, por erros ou omisión nas especificacións técnicas do proxecto, contemplados no apartado a) do artigo 107 do TRLCSP.

Polo exposto anteriormente neste apartado, a xustificación destas lixeiras modificacións do proxecto contratado, atópase vinculado a unha nova especificación técnica coñecida con posterioridade a obra adxudicada, o tempo que tamén adolece dunha omisión técnica do proxecto por falta de idoneidade para satisfacer as prestacións contratadas, cuestións axeitadas aos apartados a) e b) do artigo 107 do TRLCSP e queda tecnicamente explicado que se limita a introdución das variacións estritamente indispensables para responder as causas obxectivas que as fan necesarias.

En calquera dos casos a actual proposta de modificación enténdese xustificada xa que a mesma, de maneira global responde a unha actuación de interese público en relación dita actuación, e por outro lado, debemos indicar que é evidente que esta proposta de modificación non altera as condicións esenciais do contrato, de acordo co estipulado no artigo 107.3 do TRLCSP.

III- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS.

O artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, indica: "1. Sólo podrán introducirse variaciones sin previa aprobación cuando consistan en la alteración en el número de unidades realmente ejecutadas sobre las previstas en las mediciones del proyecto, siempre que no representen un incremento del gasto superior al 10 por 100 del precio primitivo del contrato, Impuesto sobre el Valor Añadido excluido.

2.- Las variaciones mencionadas en el apartado anterior, respetando en todo caso el límite previsto en el mismo, se irán incorporando a las relaciones valoradas mensuales y deberán ser recogidas y abonadas en las certificaciones mensuales, conforme a lo prescrito en el artículo 145 de la Ley, o con cargo al crédito adicional del 10 por 100 a que alude la disposición adicional decimocuarta de la Ley, en la certificación final a que se refiere el artículo 147.1 de la Ley, una vez cumplidos los trámites señalados en el artículo 166 de este Reglamento. No obstante, cuando con posterioridad a las mismas **hubiere necesidad de introducir en el proyecto modificaciones de las previstas en el artículo 146 de la Ley, habrán de ser recogidas tales variaciones en la propuesta a elaborar, sin necesidad de esperar para hacerlo a la certificación final citada.**" En cumprimento do citado artigo, recollense as variacións das unidades do proxecto propostas neste ámbito, exclusivamente incluíndo a alteración no número de unidades realmente executadas sobre as prevista nas medicións de proxecto dalgunhas unidades.

Estas variacións son de pequeno alcance e son lóxicas no devenir de calqueira obra desta envergadura. Se non fora necesario a redacción do documento modificado para aprobar as outras modificacións que si o obrigan, estas variacións terían encaixe na futura liquidación da obra, sen necesidade de aprobación previa destas como se recolle no apartado 3 do artigo 234 do TRLCSP.

IV- DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO E POR CRITERIOS DE XUSTIFICACIÓN.

Nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas por capítulos establecidos no orzamento do proxecto, indicando balance de aforros e excesos para cada un de eles e indicando a xustificación destas modificacións e as novas unidades xeneradas en cada capítulo e circunstancia xustificativa para a modificación do contrato: recollida no apartado 15.c das FEC, recollida no apartado 107 do TRLCSP ou recollida no apartado 234.3 do TRLCSP:

CAPÍTULO 1. DEMOLICIÓN E MOVIMIENTO DE TERRAS.

Se recollen as seguintes unidades novas en actuacións previas e en movemento de terras:

01.01.03-PC	ud	Levantado de asientos	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	4.284,46
01.03.02-PC	m ³	Excavación de zanjas en lodos	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	10.945,86

En actuacións previas se modifica a unidade de levantado de asentos e posterior recolocación, xa que a obra soamente realízase o levantado de asentos, xa que con posterioridade a licitación da obra o mantenedor da instalación solicitou autorización ao Concello de Vigo para colocación de novos asentos na grada.

Nos traballos de movemento de terras se encontran terreos non compactos durante a fase de execución de obra, que existen a excavación cunhas consideracións distintas as de proxecto, en terreno compacto, polo que obriga a creación dunha nova unidade. Ambas unidades se consideran dentro das circunstancias do apartado b) artigo 107 do TRLCSP.

Ademais se inclúen no presente capítulo variación das medicións das unidades principalmente de demolicións, co aumento das medicións de soleira debido ao novo reforzo proposto, así como modificacións do resto das demolicións por erros nas especificacións das medicións de proxecto, que xeneran as citadas alteracións das medicións, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
1	DEMOLICIONES Y MOVIMIENTOS DE TIERRAS	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	57.725,45 €	-70.146,86 €	15.230,32 €	2.808,91 €
			%	1,59%	-1,93%	0,42%	0,08%
		MODIFICACIÓN POR ART. 15 DAS FEC	IMPORTE	2.688,09 €	--	--	2.688,09 €
			%	0,07%	--	--	0,07%

CAPÍTULO 2. SANEAMIENTO.

Tanto nos aspectos recollidos nos apartados de saneamento de augas pluviais como en fecais, debido a proposta de execución dos reforzos que hay que efectuar nos pórticos de formigón e necesario unha nova ocupación espacial que obriga a trasladar e reordenar de ubicación as baixantes propostas tanto de pluviais como de fecais, xerando nova redistribución das mesmas para salvar os novos elementos de reforzo propostos, obrigando esta a un dimensionado distinto de tuberías, arquetas...etc para adecuarnos a normativa existente. Dita nova distribución implica a súa vez a necesidade de dotar a o sistema de un equipo de bombeo específico de fecais. Estas novas medicións e unidades anulan e modifican outras existentes no proxecto orixinal. En resumo se recollen as seguintes unidades novas:

02.01.01.04-PC	ud	Desvío de bajantes de pluviais de cubierta	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	1.766,00
02.01.01.05-PC	ml	Bajante PVC 200mm	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	4.822,20
02.02.22-PC	ud	Arqueta registrable pref HA 60x60x60cm c/tapa de fundición	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	165,35
02.01.01.06-PC	ml	Tubería colgada PVC 250mm	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	2.919,33
02.02.16-PC	ud	Ejecución de by-pass en tubería de abastecimiento D=63mm	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	879,24
02.02.17-PC	ml	Bajante PVC 160mm	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	484,20
02.02.18-PC	ml	Tubería colgada PVC 160mm	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	1.331,87
02.02.19-PC	ud	Equipo de bombeo de fecales	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	10.238,89
02.02.20-PC	ud	Tapa de arquetas en forjado de vestuarios para pav. de PVC	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	2.323,95
02.02.21-PC	ud	Desagüe fregadero PVC 50mm	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	489,60
02.02.22-PC	ud	Arqueta registrable pref HA 60x60x60cm c/tapa de fundición	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	330,70

Así mesmo se recolle as variacións de medición das unidades do proxecto orixinal, de desagües e adaptalas as necesidades reais detectadas, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
2	SANEAMIENTO	MODIFICACIÓN POR ART. 15 DAS FEC	IMPORTE	2.332,38 €	-31.509,13 €	25.751,33 €	-3.425,42 €
			%	0,06%	-0,87%	0,71%	-0,09%
		MODIFICACION POR ART. 234.3 TRLCSP	IMPORTE	--	-887,55 €	--	-887,55 €
			%	--	-0,02%	--	-0,02%

CAPÍTULO 3. CUBERTA E ESTRUCTURA E CAPÍTULO 15. REFORZO ESTRUCTURA.

No capítulo 3 queda anulada a previsión inicial do reforzo de pórtico en aceiro laminado xa que o mesmo realizase cunha técnica distinta como se recolle nos planos e anexos xustificativos do proxecto modificado, polo que e obxecto dun capítulo independente recollido con unidades específicas do orzamento no capítulo 15.

En resumo se recollen as seguintes unidades novas no capítulo 15:

15.01.02.01-PC	ml	PERFORACIÓN ELEMENTOS DE HA D=110mm VIGA PERIMETRAL	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	3.827,14
15.01.02.02-PC	ml	PERFORACIÓN ELEMENTOS DE HA D=90mm FORJADOS INTERMEDIO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	7.388,86
15.01.02.03-PC	ml	PERFORACIÓN ELEMENTOS DE HA D=32mm TALADROS ANCLAJES	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	41.198,54
15.02.01.01-PC	ud	ANCLAJE ACTIVO REFUERZO DINTEL TIPO 1	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	118.082,58
15.02.01.02-PC	ud	ANCLAJE PASIVO REFUERZO DINTEL TIPO 2	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	62.338,76
15.02.01.03-PC	ud	DESVIADOR REFUERZO DINTEL TIPO 3	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	44.884,84
15.02.01.04-PC	ud	APOYO INTERIOR CUBIERTA TIPO 4	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	34.915,76
15.02.01.05-PC	ud	ANCLAJE ACTIVO REFUERZO PILAR INTERMEDIO TIPO 5	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	38.822,08
15.02.01.06-PC	ud	ANCLAJE PASIVO REFUERZO PILAR INTERMEDIO TIPO 6	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	39.882,92
15.02.01.07-PC	ud	REFUERZO PILAR INTERMEDIO TRAMO INFERIOR TIPO 7	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	117.524,44
15.02.02.01-PC	ml	TENDÓN ACERO AUTOPROTEGIDO 7 MONOCORDÓN 0.6" REFUERZO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	69.614,62
15.02.02.02-PC	ml	TENDÓN ACERO AUTOPROTEGIDO 3 MONOCORDÓN 0.6" REFUERZO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	16.329,72
15.02.03.01-PC	m2	TRATAMIENTO SUPERFICIAL C4H	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	25.546,75
04.33-PC	ml	Hormigón armado para peldaños, espesor 20cm esc.	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	6.447,73

No que respecta ao capítulo 3, ademais da anulación das medicións do reforzo de proxecto, surden novas unidades como a 03.18 e 03.19 que son necesarias para que a execución do muro proposto no nivel -1, cambie o seu concepto de peche a contención polas condicións xeolóxicas e xeotécnicas atopadas despois de comenzada a obra e pola necesidade de reforzar a transmisión de esforzos do pórtico ao subsolo.

En canto as unidades novas da 03.20 a 03.27 inclusives, son forxados, formigóns... que surden pola necesidade de axustarse as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por falta de adecuación das especificacións técnicas do recollido en proxecto para os forxados e pilares xa que se executan en ámbitos confinados polo que se deben empregar outras solucións adaptadas que melloran así mesmo a seguridade da execución e a calidade final da obra. Estas unidades substitúen a outras similares do proxecto orixinal.

No que respecta as novas unidades 03.28 e 03.29, o reforzo da estrutura recomenda un novo sistema de apoio, entre a estrutura espacial e o pórtico que se inclúe nas novas unidades como substitucións das unidades do proxecto orixinal 03.01 e 03.04.

En resumo se recollen as seguintes unidades novas no capítulo 3:

03.18-PC	m3	Hormigón armado en zapata de muro	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	6.602,19
03.19-PC	m2	Hormigón armado en alzado de muro a 1 cara	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	21.327,31
03.20-PC	m2	Limpieza de forjado de vestuarios	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	1.218,02
03.21-PC	m3	Hormigón armado en vigas de cimentación para apoio de forxados	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	497,70
03.22-PC	m3	Hormigón armado en pilares e vigas de apoio de forxados	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	1.830,87
03.23-PC	ud	Angular de acero S 275 JR en soporte de tabiquería	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	2.151,90
03.24-PC	m2	Losa aligerada en parte inferior de grada tribuna	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	19.993,66
03.25-PC	m2	Losa hormigón armado en paso de vomitorios	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	5.932,74
03.26-PC	m2	Recreido de grada tribuna en zona de palcos V.I.P.	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	27.654,08
03.27-PC	m2	Forjado en pendiente de sala de prensa e saída a campo	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	10.386,27
03.28-PC	m2	Panel precurvado de fachada, chapa Arval Composite CORTIZO+ Subestru	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	339.900,60
03.29-PC	m2	Subestructura de soporte de fachada entre pórticos en nivel 3	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	123.606,17

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas nos capítulos de estrutura, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
3 Y 15	CUBIERTA, ESTRUCTURA Y REFUERZO	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	--	-97.454,86 €	97.594,74 €	139,88 €
			%	--	-2,68%	2,68%	0,00%
		MODIFICACIÓN POR ART. 15 DAS FEC	IMPORTE	32.056,01 €	-775.192,97 €	1.090.311,51 €	347.174,55 €
			%	0,88%	-21,32%	29,99%	9,55%

CAPÍTULO 4. ALBAÑILERÍA E ACABADOS.

04.33-PC	ml	Hormigón armado para peldaños, espesor 20cm esc.	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	34.898,41
04.34-PC	m2	Impermeabilización mortero cementoso	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	15.608,52
04.35-PC	ml	Ejecución de canaleta en forjado de vestuarios en galería de instalaciones	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	3.866,06

Se recollen as seguintes unidades novas no presente capítulo:

A creación da nova unidade 04.33 de peldaño de escaleiras esta baseado na necesidade de modificar a alteración espacial adosada a cada pórtico específico da estrutura debido ao novo reforzo proposto.

En canto a unidade 04.34 de impermeabilización e unha substitución da unidade 04.10 debido as condicións de tipoloxía de terreo e ambiente atopadas despois de comenzada a obra.

A unidade 04.35 surge pola necesidade de que na execución do muro proposto no nivel -1, cambie o seu concepto de peche a contención polas condicións xeolóxicas e xeotécnicas atopadas despois de comenza a obra e pola necesidade de reforzar a transmisión de esforzos do pórtico ao subsolo, que leva a súa implícita a necesidade da creación de unha canaleta na zona de condución de instalacións.

Así mesmo se recolle as variacións de medición das unidades do proxecto orixinal referentes a revestidos e fabricas de ladrillos adaptando as medicións as indicacións e directrices da dirección facultativa da obra, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
4	ALBAÑILERÍA Y ACABADOS	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	--	-22.567,42 €	19.474,58 €	-3.092,84 €
			%	--	-0,62%	0,54%	-0,09%
		MODIFICACIÓN POR ART. 15 DAS FEC	IMPORTE	--	-15.606,74 €	34.898,41 €	19.291,67 €
			%	--	-0,43%	0,96%	0,53%
		MODIFICACION POR ART. 234.3 TRLCSP	IMPORTE	14.703,03 €	-37.179,22 €	--	-22.476,19 €
			%	0,40%	-1,02%	--	-0,62%

CAPÍTULO 5. SOLADOS E FALSOS TEITOS.

Se recollen as seguintes unidades novas no presente capítulo:

05.09-PC	m2	Panel sandwich aislante 4 cm (vestuarios)	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	63.822,96
05.10-PC	m ^l	Peldaños en PVC (escalera autoridades) con cantonera y rodapié	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	7.590,18
05.11-PC	m ^l	Grada de PVC en palco de autoridades con cantonera	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	7.972,38

A unidade 05.09 de panel sandwich de 4 cm e unha substitución da unidade 05.01 que surge pola necesidade de axustarse as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por falta de adecuación das especificacións técnicas do recollido en proxecto para o espesor xa que se encontra en ámbito interior, e a dirección facultativa considera suficiente a nova proposta, modulando a operatividade en obra, a calidade obtida e as prestacións buscadas con esta unidade, que ademais presenta un aforro económico.

As outras dúas novas unidades propostas recollense pola omisión padecida na redacción do proxecto no relativo a ámbitos de actuación dentro da grada non recollidos, que implican solucións de solados diferenciadas.

Así mesmo se recolle as variacións de medición das unidades do proxecto orixinal referentes a pavimentos, adaptando as medicións as indicacións e directrices da dirección facultativa da obra, sen modificar as unidades do proxecto orixinal, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
5	SOLADOS Y FALSOS TECHOS	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	--	-59.876,76 €	79.385,52 €	19.508,76 €
			%	--	-1,65%	2,18%	0,54%
		MODIFICACION POR ART. 234.3 TRLCSP	IMPORTE	31.405,85 €	-55.758,07 €	--	-24.352,22 €
			%	0,86%	-1,53%	--	-0,67%

CAPÍTULO 6. AILLAMENTOS E IMPERMEABILIZACIONES.

Neste capítulo non se recollen unidades novas, unicamente propónse a supresión da partida 06.02 por considerala dende a dirección técnica que non é necesaria, xa que esta a zona perfectamente ailladas coas propostas anteriores e concretamente da variación de muro de formigón de peche a muro de formigón de contención. Así mesmo se recolle o axuste da medición da unidade de aillamento existente no proxecto orixinal.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
6	AISLAMENTOS E IMPERMEABILIZACIONES	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	--	-4.673,96 €	--	-4.673,96 €
			%	--	-0,13%	--	-0,13%
		MODIFICACION POR ART. 234.3 TRLCSP	IMPORTE	349,53 €	--	--	349,53 €
			%	0,01%	--	--	0,01%

CAPITULO 7. CARPINTERÍA.

Neste capítulo, as unidades de carpinterías e portas recollidas no proxecto, adolecen dunha falta de idoneidade para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por erros materiais na definición das unidades deste capítulo do orzamento, que non recollen correctamente a superficie necesaria de materiais para cada tipo de porta, polo que faise necesario a definición das novas unidades seguintes:

07.11-PC	ud	Puerta abatible DM hidrofugo pintada 1 hoja	XUSTIFICADA SEGUN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	22.419,10
07.12-PC	ud	Puerta abatible DM hidrofugo pintada 2 hojas	XUSTIFICADA SEGUN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	9.435,72
07.13-PC	ud	Puerta de vidrio 12 mm templado, 2970x800 mm de palcos V.I.P.	XUSTIFICADA SEGUN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	18.877,76
07.14-PC	ud	Puerta de vidrio 12 mm templado, 2090x800 mm de palco de autoridades	XUSTIFICADA SEGUN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	2.643,09
07.15-PC	m2	Carpintería de acero inoxidable c/acristalamiento 6+6 mm	XUSTIFICADA SEGUN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	31.158,47
07.16-PC	ud	Puerta vidrio corredera salida campo	XUSTIFICADA SEGUN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	8.457,81

Así mesmo é necesario o axuste da medición das unidades de barandillas e pasamanos do proxecto orixinal, debido a erros do citado proxecto no referente a aplicación da normativa vixente de inclusión de pasamanos e barandillas, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantitativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
7	CARPINTERÍA	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	11.748,18 €	-109.431,40 €	92.991,95 €	4.691,27 €
			%	0,32%	-3,01%	2,56%	-0,13%

CAPÍTULO 8. APARATOS SANITARIOS E GRIFERÍA.

Por falta de adecuación das especificacións técnicas do recollido en proxecto para as prestacións buscadas coa unidade de encimera, a dirección facultativa propón a seguinte nova unidade modulada coas prestacións recollidas en proxecto e que ademais é máis económica, que substitúe a 08.08:

08.09-PC	ml	Encimera de resinas fenólicas	XUSTIFICADA SEGUN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	14.470,09
----------	----	-------------------------------	-----------------------------------	------------------	-----------

Así mesmo se recolle as variacións de medición das unidades do proxecto orixinal, de pezas de baño e adaptalas as necesidades reais detectadas, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantitativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
8	APARATOS SANITARIOS Y GRIFERÍA	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	--	-15.212,19 €	14.470,09 €	-742,10 €
			%	--	-0,42%	0,40%	-0,02%
		MODIFICACION POR ART. 234.3 TRLCSP	IMPORTE	294,88 €	-15.649,63 €	--	-15.354,75 €
			%	0,01%	-0,43%	--	-0,42%

CAPÍTULO 9. INSTALACIÓN.

Tanto nos aspectos de recollidos nos apartados de fontanería, produción de ACS, instalación de climatización, xestión técnica de instalacións e instalacións existentes, debido a proposta de execución dos reforzos que hay que efectuar nos pórticos de formigón e necesario unha nova ocupación espacial que obligan a trasladar e reordenar de ubicación as diferentes redes citadas, xerando nova redistribución das mesmas para salvar os novos elementos de reforzo propostos, obrigando esta a un dimensionado distinto de tuberías, codos...etc para adecuarnos a normativa existente. Estas novas medicións e unidades anulan e modifican outras existentes no proxecto orixinal. As unidades novas que se encontran nesta circunstancia son da 09.01.30 a 09.03.28, a 09.07.21 e a 09.08.07. As restantes unidades novas recollidas a continuación, surden por erros na redacción do proxecto, por omisión de especificacións técnicas non recollidas e cumprimento da normativa vixente, e que son necesarias para o cumprimento das prestacións recollidas no proxecto orixinal. Neste sentido tamén se elimina a instalación de gas recollida no proxecto orixinal.

En resumo se recollen as seguintes unidades novas:

09.01.30-PC	ud	VÁLVULA DE ESFERA DE POLIPROPILENO DN75	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	654,66
09.01.31-PC	ud	VÁLVULA DE ESFERA DE POLIPROPILENO DN110	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	268,65
09.01.32-PC	ud	DEPÓSITO DE ACUMULACIÓN A PRESIÓN 600 L	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	2.094,95
09.01.33-PC	ud	ACOMETIDA DE ABASTECIMIENTO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	8.140,74
09.01.34-PC	ud	CONTADOR DN80-3" EN ARMARIO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	759,53
09.02.33-PC	ml	TUBERÍA POLIPROPILENO CON FIBRA DN40	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	298,55
09.02.34-PC	ml	AISLAMIENTO TÉRMICO DE TUBERÍAS 43.5 MM 30 MM ESP	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	1.106,35
09.02.35-PC	ud	VALVULA BOLA ROSCADA 1 1/2".	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	1.039,80
09.02.36-PC	ud	FILTRO 1 1/4" PN-16	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	40,82
09.02.37-PC	ud	FILTRO 1 1/2" PN-16	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	54,02
09.02.38-PC	ud	FILTRO 2" PN-16	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	174,04
09.02.39-PC	ud	MANGUITO ANTIVIBRATORIO PN-10 DN40	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	339,52
09.02.40-PC	ud	VÁLVULA RETENCIÓN UNIVERSAL 1 1/2" PN10	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	64,80
09.02.41-PC	ud	INTERCAMBIADOR CALOR PLACAS ACS (nuevo cálculo)	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	1.292,48
09.02.42-PC	ud	BOMBA CIRCULACIÓN BC1 (nuevo cálculo)	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	3.371,84
09.02.43-PC	ud	BOMBA CIRCULACIÓN BC2 (nuevo cálculo)	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	2.210,56
09.02.44-PC	ud	DESMONTAJE Y NUEVA INSTALACIÓN DE DEPÓSITO EXISTENTE	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	1.526,90
09.02.45-PC	ud	AGUJA HIDRAÚLICA 2.6 litros CONEXIONES 1 1/4"	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	572,00
09.02.46-PC	ud	PUNTO DE LLENADO DE LA INSTALACIÓN	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	422,93
09.03.27-PC	m2	Conducto climaver neto	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	8.236,20
09.03.28-PC	m2	Conducto piralu 20/35	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	13.908,00
09.05.34-PC	ud	Acometida para red de extinción DN65-2 1/2" en armario	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	2.796,16
09.05.35-PC	ud	Contador DN65-2 1/2" en armario	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	782,20
09.06.49-PC	ud	CUADRO SALA A.C.S.	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	887,85
09.06.50-PC	ud	PILOTO DE BALIZAMIENTO NORMALUX PASSO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	19.333,44
09.06.51-PC	ud	PUNTO DE LUZ BALIZAMIENTO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	11.242,56
09.06.52-PC	ud	PUNTO DE LUZ EMPOTRADO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	6.817,20
09.06.53-PC	ud	PUNTO DE LUZ SUPERFICIE	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	5.736,64
09.06.54-PC	ud	LUMINARIA EMPOTRABLE LAMP PLAT LED 31.1W	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	53.391,92
09.06.55-PC	ud	LUMINARIA EMPOTRABLE LAMP MINI KOMBIC 1300LUM	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	6.411,36
09.06.56-PC	ud	PLAFON SUPERFICIE TECHO LED 12W 930LM	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	1.752,48
09.06.57-PC	ud	PREINSTALACIÓN DE PUNTO DE VOZ-DATOS	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	559,70
09.06.58-PC	ud	CANALIZACIONES Y LÍNEAS MEGAFONÍA SALA PRENSA	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	1.841,07
09.06.59-PC	ud	PREINSTALACIÓN VOZ DATOS SALA PRENSA	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 107 TRLCSP	IMPORTE EN EUROS	3.127,32
09.07.21-PC	ud	CONTROL BOMBEO DE SANEAMIENTO	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	518,75
09.08.07-PC	ud	DESVÍO BANDEJA CANALIZACIÓN ELECTRICA BAJO GRADA TRIBUNA	XUSTIFICADA SEGÚN ART. 15 DAS FEC	IMPORTE EN EUROS	15.200,08

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
9	INSTALACIONES	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	12.164,24 €	-115.577,85 €	130.398,73 €	26.985,12 €
			%	0,33%	-3,18%	3,59%	0,74%
		MODIFICACIÓN POR ART. 15 DAS FEC	IMPORTE	24.319,71 €	-45.478,78 €	46.577,34 €	25.418,27 €
			%	0,67%	-1,25%	1,28%	0,70%

CAPÍTULO 10. TRANSPORTE MECÁNICO.

Non se prevee ningua alteración.

CAPÍTULO 11. CONTROL DE CALIDADE.

Non se prevee ningua alteración.

CAPÍTULO 12. SEGURIDADE E SAÚDE.

Preveese alteración únicamente nas medicións a alza das unidades recollidas no proxecto orixinal, dentro do anexo correspondente, debido que a proposta do novo sistema de reforzo do pórtico, esixe un aumento da medición dos elementos de protección e seguridade.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
12	SEGURIDAD Y SALUD	MODIFICACIÓN POR ART. 15 DAS FEC	IMPORTE	31.245,41 €	--	--	31.245,41 €
			%	0,86%	--	--	0,86%

CAPÍTULO 14. XESTIÓN DE RESIDUOS.

Soamente resulta modificado este capítulo por alteracións das medicións de demolicións e forxados por erros nas especificacións das medicións de proxecto no que respecta as demolicións e por inadecuación dos forxados según se recolle nos capítulos 1 e 3, que xeneran as citadas alteracións das medicións de xestión de residuos.

Na seguinte táboa se recolle un resumo cuantificativo das alteracións recollidas no presente capítulo, indicando a circunstancia xustificativa:

CAPÍTULO		XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL
14	GESTIÓN DE RESIDUOS	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	13.287,65 €	-9.525,34 €	--	3.762,31 €
			%	0,37%	-0,26%	--	0,10%

CONCLUSIONES.

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras de "REFORMA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA FASE 2", estímase que **non supoñen alteracións dos fins e características** básicas do proxecto inicial e que **son de interese público** e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15.b das FEC e aquelas non contempladas neste apartado se axustan o artigo 107 a) e b) do TRLCSP. Ademais do anterior, tendo en conta o artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, o presente modificado nº1, recolle as variacións das unidades executadas en relación os criterios definidos no artigo 234.3 do TRLCSP, tal como se define no presente informe. Así mesmo considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de REFORMA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA FASE 2.

Para a creación dos prezos contradictorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomaronse os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusulo 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.

As modificacións propostas neste expediente, en base a todo o exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser un incremento PEM de 399.676,20 euros que supón un incremento adicional líquido de 510.594,25 € tal e como se resume nas Táboas seguintes:

CAPÍTULO	RESUMEN	IMPORTE INICIAL	IMPORTE MODIFICADO	DIFERENCIA	%
C01	DEMOLICIONES Y MOVIMIENTOS DE TIERRAS	209.859,92	215.356,91	5.497,00	0,15%
C02	SANEAMIENTO	48.724,60	44.411,63	-4.312,97	-0,12%
C03	CUBIERTA Y ESTRUCTURA	1.686.481,80	1.374.935,48	-311.546,32	-8,57%
C04	ALBAÑILERÍA Y ACABADOS	468.936,39	462.659,06	-6.277,36	-0,17%
C05	SOLADOS Y FALSOS TECHOS	182.927,88	178.084,43	-4.843,46	-0,13%
C06	AISLAMIENTOS E IMPERMEABILIZACIONES	4.859,21	534,78	-4.324,43	-0,12%
C07	CARPINTERÍA	131.923,28	127.232,01	-4.691,27	-0,13%
C08	APARATOS SANITARIOS Y GRIFERÍA	65.890,24	49.793,39	-16.096,85	-0,44%
C09	INSTALACIONES	668.204,06	720.607,44	52.403,39	1,44%
C10	TRANSPORTE MECÁNICO	52.893,57	52.893,57	0,00	0,00%
C11	CONTROL DE CALIDAD	34.722,09	34.722,09	0,00	0,00%
C12	SEGURIDAD Y SALUD	51.221,99	82.467,40	31.245,41	0,86%
C14	GESTIÓN DE RESÍDUOS	28.507,80	32.270,11	3.762,31	0,10%
C15	REFUERZO ESTRUCTURA	0,00	658.860,75	658.860,75	18,12%
PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL		3.635.153,09	4.034.829,05	399.676,20	
	13,00% Gastos Generales	472.569,90	524.527,78	51.957,91	
	6,00% Beneficio Industrial	218.109,19	242.089,74	23.980,57	
SUMA PARCIAL		4.325.832,18	4.801.446,57	475.614,68	
	11,2771869391647000% Baja de Adjudicación	-487.832,18	-541.468,11	-53.635,96	
SUMA		3.838.000,00	4.259.978,46	421.978,72	
	21,00% I.V.A.	805.980,00	894.595,48	88.615,53	
PRESUPUESTO DE ADJUDICACIÓN POR CONTRATA		4.643.980,00	5.154.573,94	510.594,25	10,995%

RESUMEN MODIFICACIONES PEM PROXECTO MODIFICADO Nº 1	XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL	
	MODIFICACIÓN POR ART. 107 TRLCSP	IMPORTE	94.925,52 €	-504.466,64 €	449.545,93 €	40.004,81 €	
	%	2,61%	-13,88%	12,37%			
MODIFICACIÓN POR ART. 15 DAS FEC	IMPORTE	92.641,60 €	-867.787,62 €	1.197.538,59 €	422.392,57 €	11,62%	< 15% (ART. 15.D DAS FEC)
	%	2,55%	-23,87%	32,94%			

RESUMEN VARIACIÓN DE MEDICIONES DE UNIDADES EXISTENTES	XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN	VALORACIÓN	EXCESO MEDICIÓN	DEFECTO MEDICIÓN	UNIDADES NOVAS	TOTAL	
	VARIACIÓN MEDICIÓN POR ART. 234.3 TRLCSP	IMPORTE	46.753,29 €	-109.474,47 €	--	-62.721,18 €	
	%	1,29%	-3,01%	--			

Sumando as dúas tablas anteriores:

TOTAL VARIACIÓN PEM MODIFICADO Nº 1	IMPORTE	399.676,20 €
	%	10,99%

Tal e como se comproba nas táboas anteriores a contía máxima da modificación non supera o 15% sobre o prezo do contrato tendo en conta as actuacións incluídas para garantir o correcto reforzo da estrutura existente polo que se da cumprimento ao artigo 15.d das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato.

Así mesmo, según as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade ao proxecto, e debido as omisións e erros deste, modificáronse as medicións dalgunhas unidades e incorporáronse novas unidades de obra que non altera as condicións esenciais e cuantitativamente non ligan nin exceden, en máis ou en menos ao 10% do prezo de adjudicación do contrato polo que se da cumprimento ao artigo 107 do TRLCSP."

8º.- Polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos da Árae de Fomento emítese informe de supervisión do proxecto de data 18.08.2016 que consta no expediente."

"O Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, director das obras "REFORMA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA FASE 2", redacta o proxecto modificado nº 1, con importe adicional líquido de 510.594,25 euros.

No informe da dirección facultativa respecto ao modificado se indica que:"a necesidade de un reforzo estrutural de maior entidade que a prevista no proxecto de execución é cuantitativamente e cualitativamente a principal modificación do presente modificado nº 1. Pero hay detalles menores que deben ser modificados e significan un incremento total de escasamente un 1%." Según se recolle no proxecto modificado e no propio informe: "a xustificación destas lixeiras modificacións do proxecto contratado, atópase vinculado a unha nova especificación técnica coñecida con posterioridade a obra adjudicada, o tempo que tamén adolece dunha omisión técnica e erros puntuais e menores do proxecto por falta de idoneidade para satisfacer as prestacións contratadas, cuestións axeitadas aos apartados a) e b) do artigo 107 do TRLCSP". Vista a xustificación exposta no informe para estes aspectos menores que deben ser modificados non previstos no PCAP, que presenta a dirección facultativa e o propio documento proxecto modificado nº 1, infórmase que se considera que estas circunstancias non enervan a dilixencia coa que o proxecto foi redactado, sendo circunstancias non previsibles na fase de redacción do proxecto, algúns erros materiais menores ou omisións de pouco calado respecto a especificacións técnicas necesarias para satisfacer as necesidades que pretende o proxecto orixinal.

Noutro orde de cousas, a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público" e polo "Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro" polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo."

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- Posibilidade de Modificación.- O artigo 210 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCS) establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O artigo 105 do TRLCS contempla que os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCS.

O TRLCS prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 106 e 107) do TRLCS. No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rixe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación.

II.- En relación coa posibilidade do artigo 106 TRLCS, para o caso que nos ocupa o **Prego de Cláusulas Administrativas do contrato**, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de agosto de 2015 no apartado 15 das FEC establece a posibilidade de modificación do contrato en determinadas circunstancias contempladas no mesmo.

Os aspectos a modificar son: Unidades de obra relacionadas coa substitución da estrutura de formigón da actual cuberta da grada e Unidades relacionadas cos reforzos e actuacións para a adecuación da nova cuberta.

As circunstancias que determinan a modificación son: A redución da seguridade na execución das unidades referentes á cuberta por aparición das chamadas “patoloxías ocultas” na estrutura de formigón (por exemplo coqueras ou danos en apoios) non detectadas nos muestreos da fase de redacción de proxecto e novos requirimentos técnicos derivados das novas cargas sobre a cimentación existente e sobre a estrutura actual.

As modificacións non poderán superar o 15% do prezo do contrato

III.- O artigo 107 do TRLCS contempla as modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación. No mesmo establécese que *as modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia de algunha das circunstancias previstas no mesmo.*

A modificación do contrato acordada conforme ao previsto neste artigo non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación e deberá limitarse a interducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

No artigo 107.3 establécese unha serie de casos nos que se entenderá que se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, entre as que se atopa que as modificacións do contrato polas causas establecidas no artigo 107 do TRLCS igualem ou excedan en máis ou en menos, o 10% do prezo de adxudicación do contrato.

IV.- **Procedemento.**- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado principalmente nos artigos 108 do TRLCS con carácter xeral e no artigo 234 con especificacións para os contratos de obra. Así os requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 108 , 211 e 234.b do TRLCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigo 211.2 do TRLCSP) e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP)
3. Informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 % do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista.

Os requisitos específicos para os contratos de obras do artigo 234 do TRLCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado ou executatalas directamente.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:
 - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, e dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recabarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 125 do TRLCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 e 234.1 do TRLCSP). Remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 29.1 do TRLCSP).

V.- **Cumprimento de requisitos normativos**.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, que se reproduciu no antecedente 7º da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 05.08.2016

3º.- *Consta Audiencia do redactor do proxecto orixinal, que coincide co redactor do proxecto modificado.*

4º.- *Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos. O representante do contratista asina e presta a súa conformidade aos mesmos no proxecto modificado.*

5º.- *Consta informe da Dirección facultativa da obra que se reproduciu no antecedente 7º, os motivos da modificación e xustificación do interese público da mesma, e que principalmente son os seguintes:*

a.- Modificacións por circunstancias previstas no prego: “

“Tódolos estudos complementarios realizados durante as obras, conclúen a necesidade de un reforzo estrutural de maior entidade que a prevista no proxecto de execución, cuestión principal tanto cuantitativamente como cualitativamente que sustenta o presente modificado número 1”

Recóllese no informe da Dirección Facultativa o cumprimento dos requisitos normativos. No mesmo indican que:

“O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c) das Follas de Especificación do Contrato (FEC): “A redución da seguridade na execución das unidades referentes á cuberta por aparición das chamadas “patoloxías ocultas” na estrutura de formigón (por exemplo coqueiras ou danos en apoios) non detectadas nos muestreos da fase de redacción de proxecto”, xa que trala fase de recoñecemento exhaustivo da estrutura existente en fase de obra, se encontran as carencias citadas con anterioridade na estrutura de formigón existente, que demanda a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto para a fase de intervención da nova cuberta e cos estudos realizados, será necesario incorporar novas unidades que incrementarán a base económica inicial do proxecto. Neste sentido se plantexan, como se recolle no artigo 15.a) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: “as unidades relacionadas cos reforzos e actuacións para a adecuación da nova cuberta.”

Estas modificacións supoñen unha modificación dun 11,62% sobre o prezo do contrato respetándose o límite fixado no PCAP

b.- Modificacións por circunstancias non previstas no prego:

“Neste sentido surdiron circunstancias de tipo xeolóxico e xeotécnico que non se detectaron na fase de proxecto cos diferentes estudos realizados, xa que na transcurso da obra apareceron terreos non compactos no nivel -1, que obligan a conversión dun muro previsto no interior da grada, como peche a muro que debe de efectuar contención, que é necesario para a estabilización dos pórticos de formigón existente, xa que o terreno existente non dispón da consistencia necesaria, para soportar as posibles accións que transmiten a o terreo. Como consecuencia desta modificación resulta necesario xenerar unha nova unidade de excavación no capítulo 1, novas unidades de muro de formigón no capítulo 3, e modificación da impermeabilización e canaleta asociada a este no capítulo 4.

En actuacións previas se modifica a unidade de levantamento de asentos e posterior recolocación, xa que a obra soamente realizará o levantamento de asentos, xa que con posterioridade a licitación da obra o mantenedor da instalación solicitou autorización ao Concello de Vigo para colocación de novos asentos na grada, polo que é necesario a modificación da citada unidade, reducindo o seu alcance, que implica un aforro económico na obra.

Estas novas condicións técnicas xeolóxicas e xeotécnicas e as condicións propostas polo usuario da instalación que se poñen de manifesto con posterioridade á adxudicación do actual contrato, son circunstancias contempladas no apartado b) artigo 107 do TRLCSP, para a modificación do contrato.

Outros aspectos menores de elementos puntuais que deben ser modificados son:

- Algunhas das actuacións de execución de forxados e pilares recollidas no capítulo 3 referentes ao interior da grada se executan en ámbitos confinados dentro da estrutura da grada, polo que se deben empregar solucións máis livianas, lixeiras e de fácil suxeición que melloran así mesmo a seguridade da execución para os operarios da obra e a rapidez de execución.*
- No capítulo 5 de solados e falsos teitos, proponse a redución do espesor do panel de proxecto, que surge pola necesidade de axustarse as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por falta de adecuación das especificacións técnicas do recollido en proxecto para o espesor xa que se encontra en ámbito interior, e a dirección facultativa considera suficiente a nova*

proposta, modulando a operatividade en obra, a calidade obtida e as prestacións buscadas con esta unidade, que ademáis presenta un aforro económico.

No capítulo 5 debese recoller solucións de solado diferencias, pola omisión padecida na redacción do proxecto no relativo a ámbitos de actuación dentro da grada non recollidos no documento orixinal.

– En canto as portas e carpinterías recollidas no proxecto, adolecen dunha falta de idoneidade para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por erros materiais na definición das unidades deste capítulo do orzamento, que non recollen correctamente a superficie necesaria de materiais para cada tipo de porta, polo que faise necesario a definición de novas unidades para o capítulo 7 citado.

– No capítulo 8 de aparatos sanitarios e griferías, propónse a modificación dos mesados, que surge pola necesidade de axustarse as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato, por falta de adecuación das especificacións técnicas do recollido en proxecto para o material proposto, modulando a operatividade en obra, a calidade obtida e as prestacións buscadas con esta unidade, que ademáis presenta un aforro económico.

– No capítulo 9 de Instalacións, deben xenerarse novas unidades que surden por erros na redacción do proxecto, por omisión de especificacións técnicas non recollidas e cumprimento da normativa vixente en materia de instalacións contraincendios e iluminación e megafonía, e que son necesarias para o cumprimento das prestacións recollidas no proxecto orixinal. Neste sentido tamén se elimina a instalación de gas recollida no proxecto orixinal.

As modificacións propostas neste ámbito teñen a súa xustificación na necesidade de axustarse na execución desta obra as prestacións que define no desenvolvemento no seu obxecto do proxecto orixinal, o cal determina causa obxectivas que indican a falta de idoneidade de especificacións técnicas do actual proxecto, por erros ou omisión nas especificacións técnicas do proxecto, contemplados no apartado a) do artigo 107 do TRLCSP.

Recóllese no informe da Dirección Facultativa o cumprimento dos requisitos normativos. No mesmo indican que:

“Polo exposto anteriormente neste apartado, a xustificación destas lixeiras modificacións do proxecto contratado, atópase vinculado a unha nova especificación técnica coñecida con posterioridade a obra adxudicada, o tempo que tamén adolece dunha omisión técnica do proxecto por falta de idoneidade para satisfacer as prestacións contratadas, cuestións axeitadas aos apartados a) e b) do artigo 107 do TRLCSP e queda técnica e explicada que se limita a introducción das variacións estritamente indispensables para responder as causas obxectivas que as fan necesarias.

En calquera dos casos a actual proposta de modificación enténdese xustificada xa que a mesma, de maneira global responde a unha actuación de interese público en relación dita actuación, e por outro lado, **debemos indicar que é evidente que esta proposta de modificación non altera as condicións esenciais do contrato, de acordo co estipulado no artigo 107.3 do TRLCSP.**”

Estas modificacións supoñen tan só un 1,10%, respetándose o límite esxido no artigo 107.3.d do TRLCS.

c.- Variación de unidades do proxecto relativo únicamente á alteración das medicións reais executadas (artigo 160.2 RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas)

Tal e como se indica no informe da Dirección Facultativa “en cumprimento do citado artigo, recollense as variacións das unidades do proxecto propostas neste ámbito, exclusivamente incluíndo a alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións de proxecto dalgunhas unidades. Estas variacións son de pequeno alcance e son lóxicas no devenir de calquera obra desta envergadura. Se non fora necesario a redacción do documento modificado

para aprobar as outras modificacións que si o obrigan, estas variacións terían encaixe na futura liquidación da obra, sen necesidade de aprobación previa destas como se recolle no apartado 3 do artigo 234 do TRLCSP”

Estas variacións supoñen un -1,73%

d.- Conclusións.- Como conclusións no informe da Dirección facultativa recóllese que “As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras de “REFORMA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA FASE 2”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15.b das FEC e aquelas non contempladas neste apartado se axustan o artigo 107 a) e b) do TRLCSP. Ademais do anterior, tendo en conta o artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, o presente modificado nº1, recolle as variacións das unidades executadas en relación os criterios definidos no artigo 234.3 do TRLCSP, tal como se define no presente informe. Así mesmo considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de REFORMA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA FASE 2”

6º.- *Consta informe de supervisión de proxectos realizado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal de data 18.08.2016.*

No mesmo se informa que:” a documentación presentada considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario así como normativa técnica de aplicación (...). Tamén en relación coas modificacións menores en base ao artigo 107.a e b infórmase que “non enervan a dilixencia coa que o proxecto foi redactado, sendo circunstancias non previsibles na fase de redacción do proxecto, algúns erros materiais menores ou omisións de pouco calado respecto ás especificacións técnicas necesarias para satisfacer as necesidades que pretende o proxecto orixinal”

7º.- *Recóllese de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 234.3 do TRLCS.*

8º.- *Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia por non exceder o importe do contrato inicial de 6 millóns de euros.*

9º.- *Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 106 do TRLCS respeta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas e as modificacións non sustanciais, realizadas ao abeiro do artigo 107 TRLCS, non alteran as condicións esenciais da licitación e da adxudicación, por canto, tal e como resulta dos informe técnicos que figuran no expediente, as inadecuacións do proxecto que as xustifican puxéronse de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato; proxecto en cuxa elaboración observouse a dilixencia requerida de acordo coa boa práctica profesional; e, doutra, porque de conformidade co informe 73/2011 de 01.03.2012 da JCCAE cando a calificación de esencial dunha modificación se realice en función das variacións que poida experimentar o prezo do contrato, a porcentaxe do 10% que aparece no artigo 107.3.d debe*

entenderse sempre superado para merecer tal carácter; pero tal consideración non implica que as modificacións que sea atopen por baixo dese 10% sexan sempre calificadas como non esenciais, sendo así que, segundo resulta dos informes técnicos que figuran no expediente, as modificacións que se propoñen non incorporan prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, nin amplían o obxecto do contrato, nin cumpren finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, nin incorporan unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente, polo que considérase que non alteran as condicións esenciais da licitación e da adxudicación.

10º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

11º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 99.3 do TRLCS)
- Comunicarase ao Consello de Contas de Galicia (artigo 29.2 do TRLCS)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno)

VI.- **Competencia.**- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA, redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, con un importe adicional de 399.676,20€ PEM, o que supón un incremento adicional líquido de 510.594,25€, supoñendo un 10,99 % sobre o prezo de adxudicación, resultando un prezo de contrato tras a modificación de 5.154.574,25€.

Manter o mesmo prazo que no PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 9330.6320010 do orzamento municipal, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(817).- ANEXO 4 E 5 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REFORMA DA CUBERTA E GRADA TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAIÓDOS”. EXPTE. 3268/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, do 19.08.16, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Nº Expediente	(Expte. 3392/440).(Contrato obras)
Situación da obra	Avda. Balaídos
Redactor do proxecto	D. Pedro de la Puente Crespo
Dirección facultativa	D. Aurelio Adán Fernández e D. Pedro de la Puente Crespo
Responsable do contrato	Xefe Área de Fomento (D. Álvaro Crespo Casal)
Adxudicatario/ Contratista	S.A DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA
Autor do Anexo nº 4 e 5 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo	D. Javier Tarrío Somoza
Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución da obra	D. Alejandro Martínez García
Plazo execución obra	12 meses
Órgano ao que se dirixe a proposta	Xunta de Goberno Local

ANTECEDENTES

1º.- A Xunta de Goberno Local en data 10 de decembro de 2015 acordou:

“Adxudicar a S A DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos. (expediente 3392-440), por un prezo de 4.643.980 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 805.980 euros

Comprometéndose o adxudicatario a execución das seguintes melloras por un importe total de 300.254,21 euros:

Subministración e colocación de 75 unidades de dispensador de papel hixiénico antivandálico .

Subministro e colocación de 20 unidades de calefactor infravermello mural para instalacións en interior e exterior.

Subministro e colocación de asento e respaldo modelo 3 .

Subministro e rotulación de números e letras de marcado en chans e paredes.

Subministro e montaxe do conxunto de portas corredoiras .

Subministro e montaxe de revestimento de fachada .

Amplía o prazo de garantía das obras en 120 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

2º.- En data 14 de decembro de 2015 formalizase o contrato das obras de “Reforma de cuberta e grada de tribuna do Estado de Balaídos. Fase II” entre o Concello de Vigo e S.A de Obras y Servicios Copasa.

3º.- En data 22 de decembro de 2015 D. Alejandro Martínez García, coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra de referencia segundo nomeamento municipal de data 12 de decembro de 2015, informa favorablemente o citado Plan de Seguridade e Saúde, elaborado pola contratista, sendo o redactor do mesmo Dña. Sonsoles Sánchez Moro.

4º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 22 de decembro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra “Reforma da cuberta e grada de tribuna do Estadio de Balaídos. Fase II”.

5º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 22 de abril de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o anexo nº 1 “retirada de impermebealización en cuberta” ao Plan de Seguridade e Saúde, para a “retirada da impermebealización en cuberta”.

6º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de abril de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o anexo nº 2 “demolición de cuberta actual” ao Plan de Seguridade e Saúde, para a “demolición de cuberta actual”.

7º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 15 de xullo de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o anexo nº 3 “Montaxe de Estructura Espacial” ao Plan de Seguridade e Saúde, para a “Montaxe de Estructura Espacial”.

8º.- A contratista S.A. de Obras y Servicios Copasa presenta anexo nº 4 “Refuerzo Estructura Hormigón Existente” ao Plan de Seguridade e Saúde, para o “Refuerzo Estructura Hormigón Existente”.

9º.- A contratista S.A de Obras y Servicios Copasa presenta anexo nº 5 “Montaxe de Estructura Espacial que modifica o Anexo nº 3” ao Plan de Seguridade e Saúde, para a “Montaxe de Estructura Espacial” que modifica o Anexo nº 3.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- O artigo 7 do Regulamento do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción regula o referente aos Plans de Seguridade e Saúde (RDPSS) Así obriga a que cada contratista elabore un plan de seguridade e saúde no traballo. No punto 2 do citado artigo establécese que no caso de obras das Administracións públicas, o plan de seguridade e saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, se elevará para a súa aprobación pola Administración Pública que teña adxudicado a obra.

O mesmo xa foi aprobado como se indica nos antecedentes pola Xunta de Goberno Local na sesión do 22 de decembro de 2015.

Segundo.- O artigo 7.4 do RDPSS establece que o plan de Seguridade e Saúde poderá ser modificado polo contratista en función do proceso de execución da obra, da evolución dos traballos e das posibles incidencias ou modificacións que poidan xurdir ao longo da obra, pero sempre coa aprobación expresa nos termos do apartado 2.

O citado artigo 7.2 establece que no caso de obras das Administración públicas o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que teña sido adxudicataria da obra.

Terceiro.- Consta no expediente informe favorable do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ao anexo nº 4 e 5 ao Plan de Seguridade e Saúde no traballo presentado, polo que o citado plan debe ser aprobado polo órgano competente do Concello de Vigo.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme o previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

PROPOSTA:

1º.- Aprobar o Anexo nº 4 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para a execución das obras de "REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAIÓDOS. FASE II" (exp.: 3392/440) presentado pola contratista S.A de Obras y Servicios Copasa, redactado por D. Javier Tarrío Somoza e informado favorablemente en data 5 de agosto de 2016 polo Coordinador de Seguridade e Saúde designado polo Concello.

2º.- Aprobar o Anexo nº 5 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para a execución das obras de "REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAIÓDOS. FASE II" (exp.: 3392/440) presentado pola contratista S.A de Obras y Servicios Copasa, redactado por D. Javier Tarrío Somoza e informado favorablemente en data 12 de agosto de 2016 polo Coordinador de Seguridade e Saúde designado polo Concello.

3º.- Deberá constar un exemplar do Anexo nº 4 e 5 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo na obra en poder do contratista ou persoa que o represente, a disposición da dirección facultativa e demais autoridades competentes en cada unha das materias.

4º.- O plan unha vez aprobado pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra.

O presente acordo notifíquese ao contratista e demais persoas con responsabilidade nas materias obxecto deste plan.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(818).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DOS ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA DECORAR DIVERSAS RÚAS DA CIDADE CONFORME AO PROXECTO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA DE VIGO. EXPTE. 3319/106.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 10.08.16 e 18.08.16, e o informe de fiscalización do 19.08.16, dáse conta do informe-proposta do 19.08.16, asinado polo xefe da Área de Comercio, o concelleiro delegada de dita Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSLP).

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCSLP), no que non se opoña ó Real decreto lexislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 21 de xuño de 2016 o concelleiro delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar a subministración en en réxime de aluguer subministración en réxime de aluguer dos elementos vexetais e non vexetais para decorar diversas rúas da cidade conforme ao proxecto de decoración navideña de Vigo, de xeito que se atopen instalados e operativos a partir do día 24 de novembro do 2016.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 20 de xuño de 2016 asinado polo xefe do Servizo de Comercio encomendado provisionalmente ao xefe da Área de Servizos Xerais.*
- Resolución do Concelleiro delegado de Comercio de 21 de xuño de 2016 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.*
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), redactado polo xefe do Servizo de Comercio encomendado provisionalmente ao xefe da Área de Servizos Xerais e asinado en data 11 de xullo de 2016, e a memoria xustificativa do contrato da mesma data.*
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 18/08/2016 sobre cumprimento dos requisitos legais mínimos para a tramitación do contrato.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto de data 18/08/2016.*

- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola Letrada-Xefa do servizo de recursos e asesoramento co conforme da Titular da Asesoría Xurídica, de data 18/08/2016..

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP, iníciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Comercio en resolución de 21 de xuño de 2016 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais encomendado como xefe do Servizo de Comercio, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo o día 18/08/2016 informe favorable ao expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de Contratos do Sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto das campañas de Nadal 2016-2017 que se dispón da seguinte maneira:

- *Campaña Nadal 2016-2017*

O gasto repártese nas dúas anualidades que abrangue o período contractual da campaña do Nadal 2016-2017, imputando o 88,13 % do importe ao ano 2016 e o 11,87% no ano 2017. Deste xeito no exercicio 2016 establécese unha anualidade de 110.162,50€ (91.043,38 € de base impoñible máis 19.119,12 € de IVE) que se imputará ao crédito dispoñible na partida 4300.2279.901 do vixente orzamento de gasto, e na anualidade 2017 facturarase o importe de 14.837,50 € (12.262,39 € de base impoñible máis 2.575,11€ de IVE) imputable ao crédito futuro da mesma partida.

2º Aprobar o expediente de contratación para a subministración en réxime de aluguer de dos elementos vexetais e non vexetais para decorar diversas rúas da cidade conforme ao proxecto de decoración navideña de Vigo na campaña contratada, segundo as condicións aprobadas no prego de prescricións técnicas particulares de 11 de xullo de 2016, e aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración por este procedemento asinado en data 18/08/2016.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.